

# Josefina Arruti Viaño

PONTEVEDRA 1906-2003

Josefina Milagros Arruti Viaño naceu na praza da Peregrina de Pontevedra o 28 de abril de 1906. A menor de tres irmás (as dúas maiores chamábanse María de los Ángeles Elisa e María del Carmen), Josefina quedou orfa moi nova. A súa nai, Tolentina Viaño, morreu cando ela tiña uns seis anos e o seu pai, Ángel Arruti, cando estaba preto dos 13. Pasou a súa infancia a cabalo entre Pontevedra e Pontecaldelas, onde o seu pai exercía como médico. De feito un dos seus primeiros recordos foi aquel coche tirado por cabalos que os levaba dun sitio a outro e que obrigaba a darlle ao animal sopas de pan con viño para que dera subido a empinada costa que arribaba en Pontecaldelas. Á morte de seu pai foise vivir definitivamente á casa que os Viaño, a familia de súa nai, tiña na Peregrina, moi preto da igrexa onde o 17 de abril de 1929 casaría con Bibiano Fernández Osorio-Tafall, o home que dous anos despois, coa chegada da II República, sería, entre outros cargos, alcalde de Pontevedra, presidente da Deputación e deputado nas Cortes.

O matrimonio tivo tres fillos: José Ángel naceu no Nadal de 1930, Carmen en 1932 e o pequeno, Manuel, no 34. A comezos do 36, Josefina Arruti decidiu trasladarse co seu fillo maior e coa súa filla a Madrid, onde o seu marido residía tras ser nomeado Subsecretario do Ministerio de Gobernación con Casares Quiroga. O fillo pequeno, Manuel, que apenas era un bebé, quedou ao cargo da nai de Bibiano, Emilia Osorio, pero a principios de xullo enfermou e Josefina decidiu adiantar as vacacións de verán e marchar cos fillos para Pontevedra o día 12.



Bibiano quedou en reunirse coa familia as finais de semana pero o venres seguinte non puido ir a Pontevedra: o presidente da República recibía aos membros da comisión que viaxara desde Galicia para presentar nas Cortes o Estatuto de Autonomía e fora Bibiano quen presidira a asemblea de municipios celebrada en Santiago en 1932 para traballar na redacción do anteproxecto.

Un día despois da audiencia prodúcese a sublevación en África e o inicio da Guerra Civil impídelle cumprir a promesa de reunirse cos seus. Á súa muller, á súa nai e aos seus fillos a contenda sorprendeunos nunha Galicia dominada desde o primeiro momento polos sublevados, mentres que el seguiu no Madrid republicano, ocupando postos de relevancia nun goberno do que en 1938 chegaría a ser Comisario Xeral do Exército baixo o mandato de Negrín.

Desde o seu posto de responsabilidade, Osorio-Tafall intentou reagrupar a súa familia. En pleno conflito bélico, o goberno republicano chegou a un acordo cos golpistas para que deixaran viaxar a Madrid a familia de Osorio-Tafall a cambio de liberar e pasar á zona dominada pola sublevación o secretario xeral da Falange Española, Raimundo Fernández Cuesta, que estaba preso na capital. Pero o troco non chegou a facerse efectivo pola negativa de deixar viaxar os nenos e a nena da nai de Bibiano, Emilia Osorio, muller de forte carácter que impuxo a súa vontade sobre a súa nora, a quen os golpistas meteron presa.

Nunca chegaron a xulgala pero Josefina Arruti estivo no cárcere de Pontevedra, no edificio da actual Audiencia, dezoito meses. Sacárona da casa diante dos fillos e encerrárona nunha cela onde a maioría das súas compañeiras eran presas comúns, prostitutas e moinantes coas que a muller do último alcalde saído das urnas fixo moi boas migas, amasadas polo seu carácter doce, a súa exquisita educación e a súa xenerosidade. Repartía con elas a comida que a súa sogra lle entregaba aos gardas e facíalles prendas co labor de gancho. No ano e medio que estivo en prisión, Josefina pasou as horas mortas tecendo e rezando pois, ao contrario que Bibiano, sempre fora relixiosa, aínda que non beata como a súa sogra, muller de misa diaria, rosario e novena.

Emilia Osorio era unha muller moi relixiosa, rigorosa e severa que lle impuxo aos netos unha educación prusiana. A pesar diso, foi unha peza vital na súa biografía. Durante os dezoito meses que Josefina estivo presa, Emilia paseaba cos nenos e coa nena pola beirarrúa da audiencia, para que a súa nai puidera velos polas fiestras do cárcere, ata que alguén da veciñanza alertaba os gardas -“Ahí van los rojos” “Guardias, la madre está en la ventana”- e obrigábana a meterse dentro.



A sublevación provocou unha dura persecución da familia de Bibiano Fernández Osorio-Tafall. Josefina non só estivo dezoito meses no cárcere senón que, ao saír, tivérona dous anos en arresto domiciliario. Un arresto que durante os primeiros meses alcanzou tamén os nenos e a nena. Non podían saír da casa, nin sequera para ir á escola, e tiñan vixilancia vinte e catro horas ao día. Polo menos dúas casas en Pontevedra tiñan vixilancia permanente: a súa e a da familia de quen no momento da sublevación era gobernador civil en Bizkaia, José Echevarría.

Nos baixos da vivenda que a familia Fernández Arruti tiña no número 13 da rúa Benito Corbal estaba o cuartel da garda cívica e, ao seu carón, o da Garda Civil. Moitas das persoas que integraban a garda cívica foran alumnas de Bibiano no Instituto de Enseñanza Media, do que fora director e catedrático de Agricultura e Tecnoloxía, pero iso non lles impediu dedicarse tras o golpe a vixiar a súa familia, a revolver nas cestas de comida que lle levaban os e as parentes que Emilia Osorio tiña na Ruibal, a impedir que entrasen xoguets na casa na noite de Reis, ou a levar os libros de quen fora o seu profesor. A colección privada de Osorio-Tafall acabou enchendo os estantes da biblioteca do centro que dirixira e non foi ata moitos anos despois que os seus fillos puideron recuperar parte dos libros esquilados polos cívicos, que ademais fixeron continuos rexistros no seu domicilio buscando persoas afíns á República agochadas nos cuartos ou unha emisora de radio que dicían que emitía desde o laboratorio do profesor. E aínda que nunca atopaban ninguén, entraban a calquera hora nas habitacións dos nenos, que ollaban desde a cama como lle baleiraban a roupa e os xoguets dos armarios. E aínda que no laboratorio non houbo máis que probetas, cortábanlle a liña telefónica para que a radio inexistente non puidese emitir.

Non había día no que Emilia Osorio non se enfrontase con eles e mesmo unha vez negouse a abrílles a porta e tirou abaixo a escaleira que puxeran na fiestra para intentar entrar por aí. Foron meses angustiosos, sobre todo para os pequenos, que tiñan prohibido saír dun edificio co inferno nos baixos. Desde a súa habitación escoitaban o ruído do motor da moto que os gardas acendían para que non se escoitasen os berros das torturas, os disparos dos asasinatos. Desde a fiestra, os fillos de Josefina vían saír cara a Monteporreiro unha camioneta coas persoas presas que minutos despois serían fusiladas, víanas afastarse de Benito Corbal co puño en alto e dando vivas á República.

A intercesión dun monxe franciscano posibilitou que Joselín, Carmiña e Manuel puideran abandonar o arresto domiciliario moito antes que a súa nai. Eles estiveron uns oito meses e Josefina dous anos. Saíu cando xa rematara a guerra e, a pesar do vivido, non estaba preparada para os insultos, as murmuracións e as maledicencias que tivo que escoitar na rúa dos que antonte trataban con todo



miramento á muller do alcalde. Foi para ela o máis duro, aguantar que a insultaran polo simple feito de ser a muller dun home de esquerdas, unha muller que nin sequera se comprometera nunca politicamente. A iso sumouse ademais a precaria situación económica na que quedou a familia.

Rematado o conflito, Bibiano Fernández exiliouse primeiro en Francia e Estados Unidos e despois en México. De cando en vez mandáballes cartos a través dalgunha persoa coñecida, outras os cartos non chegaban e para manterse dependía da xenerosidade da familia, sobre todo dos Casas Arruti, a familia da súa irmá María del Carmen, e dos Santurce Viaño, a familia de Erlinda, a irmá de mamá Tula, a súa defunta nai. Tamén atopou solidariedade fóra da familia. Os Conde Corbal, donos da casa onde vivían, fiáronlle dous anos o alugueiro e tamén Francisco Lorenzo, o dono da tenda do baixo, dáballes crédito. Tamén a axudou Severino Martínez e Alfredo Lorenzo, avogado redondelán moi amigo de Bibiano, que non só facía achegas económicas senón que ata levaba aos nenos pasar temporadas con el á beira do mar.

Pero non foi só a carencia económica. Bibiano non soubo ata moitos anos despois que a negativa de reagrupar á familia partira da súa nai e o feito de que non viaxara a Madrid cos nenos cando houbo a posibilidade de facer o troco con Fernández-Cuesta, afastouno de Josefina. As cartas que chegaban adoitaban ir dirixidas aos nenos e, no comezo da década dos 40, Josefina recibiu unha misiva cunha foto onde unha muller mexicana a informaba de que dera a luz a un fillo de Bibiano.

Ela nunca llo contou aos nenos e sempre os instou a escribirlle ao seu pai, a manter o contacto con el. Sempre pensou que algún día volverían reunirse, que a situación política cambiaría e el podería volver, ou que eles viaxarían para reunir a familia noutro país. E o certo é que Bibiano volveu intentalo. Na década dos 50, pouco despois da morte da súa nai, Bibiano fixo escala en Lisboa durante unha viaxe de Roma a Chile para poder ver a súa muller e os fillos, que tiñan previsto viaxar en coche desde Madrid. Pero no último momento as autoridades españolas negáronse a darlle a Josefina un permiso de saída para o que, como nunha brincadeira cruel, necesitaba a sinatura de seu home. Non atopar a súa familia en Lisboa supuxo que Bibiano desterrase para sempre a Josefina da súa vida, e mesmo estivo anos sen contactar cos seus fillos. A primeira vez que volveu ver un deles desde o verán do 36 foi a mediados da década dos 50, cando viaxou a Roma para asistir, como alto cargo da ONU, a unha asemblea da FAO. Alí residía naquel momento José Ángel, tras conseguir unha bolsa para facer a súa tese de doutoramento sobre o Vaticano. Iso posibilitou que Bibiano puidera por fin abrazar a un dos seus fillos. A guerra afastáralo dun neno que apenas comezaba o seus estudos e agora reencontrábase cun home coa carreira rematada.



A pesar dos apuros económicos, Josefina empeñouse en que os tres fillos estudaran e José Ángel doutorouse en Dereito, Carmen en Filosofía e Letras e Manuel en Medicina. Para iso empeñou todas as súas xoias e, axudada por Emilia, converteu a súa casa de Benito Corbal nunha pensión de luxo durante case un lustro. Co tempo tamén volvería residir con eles o veterinario Viriato Fernández Vázquez. Na súa época como alcalde, Bibiano nomeara a Viriato Fernández veterinario municipal, cargo que ata o de entón exercía en Marín. Un accidente deixáralo coxo e, como era de orixe coruñesa e non tiña familia en Pontevedra, Emilia, que tiña tanto xenio como corazón, abríralle as portas da súa casa. Viriato axudaba a Bibiano no laboratorio e acabou converténdose en padriño da súa filla Carmen. Co estoupido da guerra, o veterinario, de fondas ideas republicanas, escondeuse varios anos en San Xurxo de Sacos pero acabou sendo restituído no seu posto e converténdose en responsable dos animais da praza de touros, sobre todo dos cabalos. Ata a súa morte volveu vivir na casa da familia Fernández Arruti, á que axudou economicamente.

Josefina agardou o reencontro co seu home ata que, xa morto o ditador, a finais dos anos oitenta, Bibiano viaxou a Pontevedra en compañía de Luz, a nai do seu fillo Ramón. Só entón foi consciente de que nunca ía volver ver o seu marido. Aínda así, alentou os seus tres fillos a retomar a relación co pai.

Tras o encontro en Roma, José Ángel volveu estar con Bibiano a principios da década dos oitenta. O maior dos Fernández Arruti aproveitou que tiña que presentar un relatorio no V Congreso Internacional de Dereito Canónico en Otawa para achegarse ao domicilio do seu pai en México. Alí coñeceu o seu irmán Ramón e, acompañado pola súa muller, estivo dúas semanas convivindo con el. Retomou así unha relación que xa continuaría ata a morte do seu pai.

Uns anos despois desa viaxe a México, Isaac Díaz Pardo presentouse no despacho que José Ángel tiña na Universidade de Santiago e pediulle axuda para convencer a Bibiano de que viaxase a España. O primeiro presidente da democracia, Adolfo Suárez, quixera converter a Fernández Osorio-Tafall no primeiro presidente galego, á semellanza do que en Cataluña fixera con Tarradellas pero, alegando que non tiña méritos para tal cargo, Bibiano negouse. O seu fillo maior sempre viu nesta negativa como un xesto de respecto cara a Josefina, a quen cre que quixo aforrarlle o trago de convivir na mesma Galiza que a nova familia de quen, para ela, católica como era, sempre sería o seu marido. Pero o chamamento de Díaz Pardo tivo máis éxito que o de Adolfo Suárez, ao fin e ao cabo, só obrigaba a Osorio-Tafall a permanecer en Santiago de Compostela uns días.



Foi no ano 1986, con motivo do cincuenta aniversario do plebiscito do Estatuto de Autonomía, a primeira vez desde 1936 que o marido de Josefina Arruti pisou Galiza. Naquela primeira viaxe a súa filla Carmen non foi velo. Non sería ata ao ano seguinte, cando volveu para unha homenaxe da Academia Galega das Ciencias, que Bibiano volvería ver os seus tres fillos xuntos, cincuenta e dous anos despois do estoupido da guerra.

A Josefina non volveu vela nunca.

Sería a morte a que acabaría por xuntalos. Bibiano morreu en México o 13 de agosto de 1990 e súa última vontade foi que levaran as súas cinzas a Galiza. O seu fillo maior viaxou para recollelas e Josefina non puxo reparo ningún en que fora enterrado no panteón familiar.

Aquel panteón do cemiterio de San Amaro fora mandado construír polo propio Bibiano en 1925, tras a morte de Carmen, a súa única irmá, e tras a guerra quedou convertido en todo un símbolo de solidariedade pois Emilia e Josefina posibilitaron que nel foran depositados os restos de infinidade de persoas represaliadas. O primeiro foi Paulo Novás, mestre, amigo de Bibiano. A señora Pepa, a súa nai, era moi amiga de Emilia Osorio e naquel aciago 12 de novembro do 36, a nai de Bibiano deulle acubillo no panteón da súa filla ao corpo fusilado do mestre. A partir de aí o panteón acolleu os restos de ducias de republicanos como Arturo Rey, Víctor Casas ou Antonio Blanco, o alcalde de Marín.

Trece anos despois da morte de Bibiano, o 24 de outubro de 2003, morrería en Pontevedra Josefina, a gran represaliada da familia Fernández Arruti, e os seus restos foron enterrados nese panteón xunto aos do seu home, ao que nunca deixou de levarlle flores.